



Sra. Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia

ASUNTO: ANUNCIO de 22 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se somete a información pública o proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 148/1992, de 5 de xuño, polo que se modifica o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, e polo que se aproba o Plan rector de uso e xestión do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en adiante PROXECTO).

D. Serafín González Prieto en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural, na súa cualidade de Presidente da asociación.

EXPÓN:

1. Que o PORN vixente do Parque Natural Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán (en adiante P.N de Corrubedo; Decreto 148/1992):
 - a. Redactado conforme á Lei 4/1989 está composto por 4 artigos e dúas disposicións finais. O artigo 1 é unha introdución e marca o procedemento de aprobación do Plan. O artigo 2 resume os límites do espazo. O artigo 3 establece a zonificación e o Artigo 4 fixa unha serie de medidas de xestión.
 - b. Quedou legalmente desactualizado ao non cumprir os criterios mínimos dun PORN establecidos pola normativa estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 9/2001, derogada pola Lei 5/2019).
Xa que logo, **é incomprendible e inadmisíbel a urxencia coa que se somete a información pública (tan só 15 días!!!) a modificación dun PORN obsoleto dende hai 14 anos.**
2. Que o PROXECTO amosa deficiencias graves:
 - a. No marco legal que determina os instrumentos de xestión dos Parques Naturais inclúese unha normativa derogada, a Lei 9/2001 de Conservación da Natureza, en lugar da normativa estatal (Lei 42/2007) e a normativa galega (Lei 5/2019) vixentes.
 - b. Ao contemplar os contidos básicos do PRUX exclúese a normativa estatal, na que se indica que os contidos mínimos dos Instrumentos de Xestión dos Espazos Naturais Protexidos deben coincidir cos fixados nesta (art. 16.2).
3. Que o proceso de participación resulta moi deficitario e redundante na deficiente calidade do PROXECTO pois, ao exíguo prazo fixado polo anuncio do 22/03/2021, únese o feito de que o documento non se someteu a consultas de:
 - a. O Observatorio Galego da Biodiversidade, cando entre as súas funcións (Decreto 260/2007) atópanse: "a) Prestar apoio no inventario, análise e interpretación dos datos sobre o estado da biodiversidade en Galicia. b) Asesorar á Xunta de Galicia na elaboración e seguimento dos indicadores de biodiversidade e no mantemento dun sistema de información sobre a súa evolución. f) En xeral, fornecer información e prestar apoio e asesoramento en materia de conservación da variedade de vida en Galicia. O Observatorio, é o único órgano consultivo da Xunta de Galicia que conta con especialistas sobre os distintos campos da Biodiversidade e o Patrimonio Natural."
 - b. Os centros de investigación e universidades de Galicia.
4. Que no PROXECTO non se dá traslado ao contido dos expedientes e dictames formulados por outros órganos. Nin tan siquera se recollen as derivadas da súa presentación ante a Xunta Reitora.
5. Que a modificación do PORN, plantexada a través do artigo 1 do PROXECTO, afecta á case totalidade do texto vixente, substituíndo os artigos 3 e 4 e mantendo sen variar o 1 e o 2. **O resultado é un instrumento NON adaptado nin á normativa estatal (Lei 42/2007), nin á autonómica (Lei 5/2019), que entra ademais en conflito coas normativas e instrumentos de xestión que derivan doutras figuras de**



espazos naturais que converxen no mesmo espazo (ZEC e ZEPA da Rede Natura 2000, Humedal protexido por figura autonómica e Humedal de Importancia Internacional do Convenio de Ramsar).

6. Que o documento de revisión substancial do PORN do P.N. de Corrubedo é deficiente e moi incompleto, pois non cumpre os contidos mínimos fixados pola lexislación estatal (artigo 20 da Lei 42/2007) e da propia normativa galega (artigo 52 da Lei 5/2019).

Contidos mínimos dun PORN (artigo 20 Ley 42/2007)	Decreto 148/1992	PROXECTO Decreto
a) Delimitación do ámbito territorial obxecto de ordenación, e descrición e interpretación das súas características físicas, xeolóxicas e biolóxicas.	MD	Non
b) Inventario e definición do estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, dos ecosistemas e as paisaxes no ámbito territorial de que se trate, formulando un diagnóstico do mesmo e unha previsión da súa evolución futura.	Non	Non
c) Determinación dos criterios para a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais e, en particular, dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade no ámbito territorial de aplicación do Plan.	MD	Non
d) Determinación das limitacións xerais e específicas que respecto dos usos e actividades haxa que establecer en función da conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade.	Si	Non
e) Aplicación, no seu caso, de algún dos réximes de protección de espazos naturais.	Si	Non
f) Establecemento dos criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial de aplicación do Plan, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.	Non	Non
g) Identificación de medidas para garantir a conectividade ecolóxica no ámbito territorial obxecto de ordenación.	Non	Non
h) Memoria económica acerca dos costes e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.	Non	Non
Contidos mínimos dun PORN (artigo 52 Ley 42/2007)	Decreto 148/1992	PROXECTO Decreto
a) Delimitación do ámbito territorial obxecto de ordenación e a descrición e interpretación das súas características físicas, xeolóxicas e biolóxicas.	MD	Non
b) Inventario e definición do estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade, dos ecosistemas e as paisaxes no ámbito territorial de que se trate, formulando unha diagnose do mesmo e unha previsión da súa evolución futura.	Non	Non
c) Determinación dos obxectivos e criterios para a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais, e en particular dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade no ámbito territorial de aplicación do plan.	Si	Non
d) Zonificación d territorio afectado, se procede	Si	MD
e) Determinación das limitacións xerais e específicas que respecto aos usos e actividades deban establecerse en función da conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade.	Si	Non
f) Aplicación, no seu caso, de algún dos réximes de protección de espazos naturais.	Si	No
g) Establecemento dos criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial de aplicación do plan, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.	Non	Non



h) Identificación de medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.	Non	Non
i) Memoria económica dos costes e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.	Non	Non
j) Directrices e criterios para a redacción de plans reitores de uso e xestión que os desenvolvan para o caso dos parques e reservas naturais.	Non	Non
Contido incluído parcialmente ou moi deficiente no PROXECTO (MD). Contido incluído no PROXECTO (Si). Contido non contemplado no PROXECTO (Non).		

7. Que un dos aspectos crave do PROXECTO é substituír a zonificación establecida no Decreto 148/1992 por unha nova:
- Sen realizar previamente un correcto inventario dos compoñentes da biodiversidade, xeodiversidade e do Patrimonio Natural, identificando as presións e ameazas e as necesidades para asegurar o mantemento, ou no seu caso restauración, do estado de conservación dos hábitats e as especies protexida, tal e como obriga a normativa europea, nacional e autonómica.
 - Á marxe do fixado na maioría dos Parques españois que deriva do sistema de zonificación desenvolvido nos Parques Nacionais e cuxa última revisión aparece recollida no Plan Director da Rede de Parques Nacionais (Real Decreto 389/2016). Un sistema de zonificación testado en distintos espazos, que garda ademais relación directa co empregado noutros Parques europeos e que suscita unha adecuada delimitación de unidades en canto aos obxectivos de conservación e a delimitación dos usos permitidos, autorizables e prohibidos. Unha simplificación deste sistema, é o utilizado pola propia Xunta de Galicia no Plan Director da Rede Natura 2000 (Decreto 37/2014).
8. Que a zonificación vixente (Decreto 148/1992) contempla tres zonas marcadas polas súas características ecolóxicas e nas que se aseguraba a súa protección e unha cuarta, de carácter periférico, que resultou incapaz de asegurar a conservación desta área fronte ás presións e ameazas antrópicas, especialmente as derivadas do urbanismo.
9. Que a nova proposta de zonificación resulta moito peor que a do Decreto 148/1992 e a do Plan Director (Decreto 37/2014) e en ningún caso asegura a conservación dos compoñentes da biodiversidade, xeodiversidade e do Patrimonio Natural que determinaron a declaración do Parque Natural:
- Non se contempla unha "Zona de Reserva" para asegurar os elementos máis importantes do Parque Natural, especialmente os humedais e a duna móbil, así como as súas áreas de transición co medio mariño e continental, incluía a "praia", é dicir a área intermareal en contacto coas dunas. Dada a singularidade destes espazos e a súa fragilidade sería lóxico establecer para eles unha unidade de protección estrita que mellorase os criterios e medidas de conservación actuais (Decreto 148/1992; Decreto 37/2014), en lugar de reducilos como ocorre no borrador do novo Decreto.
 - Utiliza como unidades: "Zona de uso limitado", "Zona de uso compatible" e "Zona de uso xeral". A denominación elixida para estas unidades deixa claro o menosprezo dos valores de conservación, e a subordinación dos mesmos a usos e actividades contrarias ao mantemento dun estado de conservación favorable.
10. Que na "Zona de uso limitado" o PROXECTO inclúe territorios do Parque Natural que albergan valores naturais de excepcional rareza, e/ou valores naturais de especial interese pola súa escaseza ou diversidade, e/ou valores naturais de especial fragilidade, aínda que en ningún caso se identificane estes compoñentes. Da "Área Litoral", sen ningún tipo de xustificación ambiental, exclúese a praia malia que forma parte do Ecosistema Litoral e nela concorren elementos de gran singularidade, pola súa endemidade, rareza ou representación que esixen unha protección estrita. Na "Área de lagoas e



marismas", intégranse diversos tipos de humedais pero non todos, de xeito inaceptable nun espazo coa condición legal de Humedal Protexido (figura autonómica de ENP) e Humedal de Importancia Internacional pola Convención de Ramsar.

11. Que para a "Zona de uso compatible" o PROXECTO (artigo 1) non fixa os criterios de "compatibilidade" que se deben aplicar nesta zona malia que, segundo o propio texto, acubilla hábitats e especies estritamente protexidos para os que se debe asegurar un estado de conservación favorable, ben manténdoo ou ben mellorándoo de ser o caso.
12. Que a "Zona de uso xeral" o PROXECTO inclúe terreos desnaturalizados pola actividade humana ou nos que se xera unha actividade antrópica elevada, como parcelas urbanas, explotacións mineiras, equipamentos e infraestruturas de uso público. As súas 53,34 ha sitúanse principalmente na periferia do Parque. No texto emprégase o termo "desnaturalizado" de forma inadecuada, para evitar nomealos como terreos "alterados" e polo tanto tratando de eludir a obriga legal de restauralos. Os límites destes terreos non se xustifican e falta información concreta para avaliar os perímetros de explotacións mineiras, solos urbanos e dotacionais, así como información relativa a que estas ocupacións e usos son adecuados á normativa ambiental e especialmente en relación coa aplicación do artigo 6 da Directiva Hábitat (art. 46 da Lei 42/2007).
13. Que o PROXECTO incorpora a "praia" á "Zona de uso compatible" no canto de facelo á "Zona de uso limitado" e fixa os límites da praia sobre unha ortoimaxe, un procedemento tosco en canto a que a mesma mostra unha importante variación horaria ao longo do día e fortes variacións estacionais e interanuais. Por outra banda, non se explican os criterios para fixar o límite superior entre a praia e a duna, e a súa correlación coa delimitación dos tipos de hábitats de interese comunitario e dos hábitats de especies de interese para a conservación, nomeadamente en relación coa pílara das dunas (*Charadrius alexandrinus*), que deberían incluírse na "Zona de uso limitado" e non na "Zona de uso compatible". A mesma situación se plantexa co límite inferior entre a Praia e os sedimentos areosos cubertos permanentemente polas augas mariñas (1110). En todas as fotografías aéreas existentes no servidor de información cartográfica da Xunta de Galicia apréciase unha franxa de medio mariño de auga permanente, que dificilmente pode considerarse "praia" e máis aínda aos efectos de xestión do PROXECTO.
14. Que respecto ao modelo de xestión contemplado no PROXECTO cabe salientar:
 - a. A ausencia de criterios xerais que deben marcar as accións de conservación e xestión das distintas zonas, a fin de asegurar en todas elas o cumprimento dos obxectivos de conservación fixados nun Parque Natural.
 - b. A ausencia de referencias ás normativas de aplicación derivadas doutras figuras de espazos naturais coincidentes parcial ou completamente co ámbito xeográfico do Parque Natural.
 - c. Que para a "Zona de uso xeral", considerada de baixa naturalidade, non se contempla a posibilidade de "restauración" e mellora do "estado de conservación" dos compoñentes ambientais, en contra do establecido na normativa europea (Directiva 92/43/CEE), estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2019).
 - d. Que non se contempla a redución dos impactos xerados na "Zona de uso xeral" sobre o resto do Parque Natural, como ocorre co impacto paisaxístico, ruído, po e lixiviados da planta de machucado de pedra.
 - e. Que na definición das zonas e o desenvolvemento dos usos permitidos, autorizables e prohibidos soamente faise alusión en varias ocasións á normativa forestal e unha única vez á normativa que regula o catálogo nacional de especies exóticas invasora. Pola contra, non hai referencias a ningunha outra normativa ambiental derivada das diferentes figuras de áreas protexidas que concorren no Parque Natural e concretamente co instrumento de xestión aprobado pola propia Xunta de Galicia



- para a Rede Natura 2000, onde se establece unha regulación máis detallada sobre as actividades permitidas, autorizables e prohibidas no ámbito do Parque Natural.
- f. Que omite toda mención á obriga do cumprimento do artigo 6 da Directiva Hábitat, trasposto e ampliado polo artigo 46 da Lei 42/2007, que debe aplicarse a todo o Parque Natural e que condiciona os usos permitidos e prohibidos.
 - g. Que non fai referencia á prohibición sobre a posesión de munición de chumbo no ámbito do Parque Natural (art. 63,3,j da Lei 42/2007).
 - h. Que, máis aló da exigua lista de especies exóticas incluídas no Real Decreto 630/2013, as limitacións deberan estenderse a todas as plantas exóticas potencialmente invasoras e sobre todo a aquelas que - consecuencia do descontrol das actividades de uso público e os incendios - xa se comportan como tales no propio Parque Natural (sobre todo nos medios dunares), estean ou non incluídas no Real Decreto 630/2013.
 - i. Que a "Zona de uso compatible" inclúe tanto a transición das augas mariñas co ecosistema dunar como medios continentais na periferia do Parque Natural, cando estas áreas deberían individualizarse en dúas unidades claramente diferenciadas ao ter compoñentes e obxectivos de conservación moi diferentes.
 - j. Que, para evitar que aumente a súa degradación, na xestión do sistema "Praia" (medios submareais, intermareais e supramareais de elevada relevancia ambiental) debe primar a conservación dos ecosistemas mariños e costeiros, reducindo considerablemente as presións e ameazas, especialmente as derivadas do uso turístico e público.
 - k. Que o proxecto deixa aberta a posibilidade de novas construcións na "Zona de uso xeral" en terreos considerados como "núcleo rural" polo PXOM de Ribeira, que non se axusta aos criterios fixados para un Plan no artigo 6 da Directiva 92/43/CEE (artigo 46 da Lei 42/2007), así como os propios obxectivos suscitados no borrador do PRUX (punto 2.1.) pois non fai ningunha mención á delimitación dos ámbitos dos núcleos rurais en relación cos obxectivos de conservación (presenza de hábitats e especies de interese para a conservación). En consecuencia, **o PROXECTO é contrario a dereito ao pretender a autorización de facto dun flagrante incumprimento da normativa europea (irectiva 92/43/CEE), estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2019)** pois todo o Parque Natural é Espazo Protexido da Rede Natura 2000 (ZEC e ZEPA).
15. Que con relación ao "Anexo I Zonificación" faise constar que o "Mapa de Zonificación":
- a. Inclúese a un tamaño inferior a un A4, moi inadecuado para calquera análise, e non se acompaña de cartografía dixital, cos seus correspondentes metadatos e validación oficial. Estas deficiencias afectan negativamente ao proceso de participación pública en canto que a información fornecida non resulta adecuada para realizar unha mínima avaliación.
 - b. Móntase sobre unha ortoimaxe, sen indicar a data da mesma nen establecer un norte xeográfico, e con tramas densas que dificultan a apreciación das distintas áreas. Estes problemas repítese no resto da información cartográfica do PROXECTO, que debería ser mellorada.
 - c. Non inclúe unha serie de "topónimos" mencionados no texto e que tampouco constan na cartografía oficial da Xunta de Galicia.
 - d. Non inclúe os límites do Dominio Público Marítimo Terrestre e das zonas de servidume.
16. Que con relación ao PRUX faise constar que a normativa estatal (Lei 42/2007) establece os contidos dos PORN e obriga a que se adapten a eles os instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos, independente da súa denominación. Ademais, en relación cos PRUX, o artigo 56 da Lei 5/2019 establece un conxunto de contidos mínimos, que deben ser considerados como complementarios aos indicados pola norma estatal.



Contidos mínimos dun PRUX (artigo 56 Lei 5/2019)	PROXECTO
a) Análise e diagnose do medio.	MD
d) Previsións de uso e aproveitamento.	MD
c) Obxectivos.	P
b) Zonificación do espazo conforme a contido do PORN, con delimitación das áreas de diferentes usos.	
e) Normas xerais de zestión, coa inclusión, como mínimo, das relativas á vixencia e revisión del plan.	MD
f) Normas de regulación de usos e actividades, así como para a xestión, protección, conservación ou mellora dos recursos naturais e dos valores ambientais, cando resultara preciso completar ou desenvolver as contidas no PORN.	MD
g) Programación das actuacións para conseguir os obxectivos do PORN a desenvolver no espazo natural durante a vixencia do PRUX.	MD
h) Programa de seguimento.	MD
i) Identificación de medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.	NON
j) Memoria económica acerca dos custes e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.	NON
Contido incluído parcialmente (P) ou moi deficiente no PROXECTO (MD). Contido incluído no PROXECTO (Si). Contido non contemplado no PROXECTO (Non).	

17. Que o capítulo de "Análise e diagnose do Medio" adecúase, en termos xerais, ao contido referido para un PRUX na normativa galega (Lei 5/2019), aínda que non cumpre os aspectos que sobre a identificación do medio natural son requiridos nun PORN segundo a norma estatal e autonómica, como é a necesidade de incorporar información sobre o estado de conservación dos compoñentes e a súa correcta xeo-referenciación. Deficiencias que teñen unha notoria repercusión á hora de xustificar unha zonificación ou articular medidas de xestión que, en consecuencia, se plantexan á marxe destes criterios, restando validez ás mesma. A información que se dispón sobre o Parque Natural de Corrubedo é froito do traballo de moitas persoas, que forman parte de ONGs, centros de investigación, universidades, e dos propios servizos de Patrimonio Natural. Unha información valiosísima que o documento debería recoñecer, xa que sen ela a diagnose amosa unha baixa calidade científico-técnica. En xeral, a calidade dos distintos apartado é moi deficiente, polo que debería ser redactado de novo por persoal especializado e con coñecementos no tema; ademais, carecen case sistematicamente de referencias bibliográficas e empréganse textos e datos publicados por distintos autores que nunca se citan, polo que constitúe un caso de plaxio inaceptable, máxime nun documento oficial.

- Medio Humano. Sorprende que tanto no PRUX como no PORN non se inclúa un apartado relativo á poboación "residente" de forma permanente e temporal no Parque Natural, así como na zona circundante, e o impacto da mesma sobre os obxectivos de conservación do propio Parque Natural.
- Xeoloxía e xeomorfoloxía. Non se identifican adecuadamente os materiais xeolóxicos presentes no Parque en tanto ás súas características (litoloxía, cronoloxía, contactos, etc.). Sería aconsellable unha nova redacción apoiada nas descrições realizadas nos distintos informes e mapas publicados polo IGME. Na información xeomorfolóxica non se identifica convenientemente a estrutura tectónica, nin os principais procesos xeomorfolóxicos que conformaron o Parque Natural, e os que seguen sendo relevantes na actualidade. Non hai unha identificación clara e precisa do depósito dunar e dos seus distintos compoñentes tanto no ámbito do Parque Natural, como na súa área circundante. A información sobre a dinámica dos cordóns dunares e especialmente sobre a gran duna móbil é moi



- deficiente, malia que este tipo de depósitos é un dos elementos máis singulares do Parque Engádense ademais algunhas observacións puntuais non refrendadas por ningunha publicación, da que non se aportan os autores, nin a metodoloxía empregada polo que non son asumibles nun documento técnico e deberían suprimirse.
- c. Clima. A maior parte do apartado é un comentario dos datos recollidos na estación meteorolóxica do P.N. de Corrubedo no período 2001-2019; como o rexistro é inferior a 30 anos, estes datos carecen de valor desde un punto de vista climático, agás que se interpreten e complementen coa información existente noutras estacións próximas. Inclúe información sobre futuros escenarios de cambio climático sen referencias bibliográficas nin telos caracterizado previamente; tampouco se vinculan cos cambios espaciais dos ecosistemas, as presións e ameazas sobre os compoñentes da xeodiversidade e a biodiversidade, nin sobre os usos e aproveitamentos existentes.
- d. Hidroloxía. Non se identifican as bacías ou sub-bacías hidrolóxicas nin se aportan datos sobre as súas características. Non se identifican convenientemente os tipos de humedais acorde coa tipoloxía Ramsar ou a establecida nos inventarios de humedais de España e de Galicia. Non se indican as presións e ameazas que afectan aos distintos humedais e medios hídricos do Parque Natural, incluíndo as vinculadas cos escenarios futuros do Cambio Climático. O apartado fai referencia unicamente a un tipo de humedal presente no Parque Natural: Lagoas Costeiras. Os datos - en parte copiados doutros autores sen actualizalos nin indicar as fontes - non aportan información para caracterizar convenientemente o estado ecolóxico do humedal (parámetros físico-químicos, biolóxicos, microbiolóxicos, réxime hídrico, etc.).
- e. Solos. Non se identifican adecuadamente os tipos de solos presentes no Parque Natural, nin se aporta cartografía sobre os mesmos.
- f. Hábitats de Interese. O apartado reproduce os hábitats de interese comunitario rexistrados no Parque Natural. Esta información, xa coñecida e útil, debería complementarse coa identificación dos hábitats non considerados de interese comunitario. A análise de hábitats debería ademais incorporar información sobre a área circundante ao Parque Natural, aspectos fundamentais á hora de plantexar a conectividade ecolóxica, aspecto crave no bo estado de conservación da área protexida. A información non resulta nin exhaustiva, nin axustada a unha diagnose dun Parque Natural. Por exemplo, non se recoñece a presenza de *Cladium mariscus* (7210*) na lagoa de Vixán e para a maioría dos tipos de hábitats tan só se indica "*No Parque está presente en zonas chairas parcialmente cultivadas próximas a Olveira e O Vilar*" sen aportar información sobre a súa superficie e os cambios na mesma desde a declaración do Parque Natural; tampouco se analizan de forma exhaustiva e obxectiva as presións e ameazas sobre os hábitats, o seu estado de conservación e a evolución deste estado desde a declaración do Parque Natural; o mesmo ocorre no apartado Areas de Especial Interese para a conservación de Hábitats.
- g. Especies. O inventario das especies dun Parque Natural - e especialmente as consideradas como protexidas - debería estruturarse sobre datos obxectivos, obtidos acorde cos criterios científicos, e convenientemente publicados, pero no PORN:
- Preséntase unha mestura de datos antigos, sen identificar convenientemente as fontes, e datos derivados dunha campaña de mostraxe (decembro-2017 a xullo-2018), da que non se indican os novos datos obtidos, os responsables científicos e a publicación dos resultados. A duración da campaña de mostraxe (8 meses) é claramente insuficiente para o rexistro e caracterización da maioría dos grupos taxonómicos, cando existen traballos realizados no Parque Natural, entre eles varias teses doutorais, sustentadas sobre períodos de mostraxe de 3-6 anos, que non se sinalan no PORN. A importancia en relación á biodiversidade non pode basearse sobre o factor de riqueza,



como se fai ao comezo do apartado 1.7.2., pois daquela o Parque Natural sería un espazo "pobre" desde un punto de vista florístico e faunístico, en comparación con outros territorios de Galicia e Europa.

- A información relativa ás especie non inclúe a autoría, unha deficiencia grave debido aos importantes cambios sufridos en distintos grupos taxonómicos. As táboas e catálogos deberían incluír o nome científico completo (con autoría), indicando a súa denominación nos distintos catálogos e a denominación actual.
 - Preséntase unha única táboa onde se amorean os datos sobre presións e ameazas referidos ao conxunto dos hábitats e especies no canto de trasladar a detallada análise feita pola Comisión Europea do Estado de Conservación dos hábitats e das especies de interese comunitario, a partir da información fornecida polo Estado e as Comunidades Autónomas, e os datos solicitados directamente a través de centros de investigación. Na actualidade dispónse de información detallada para tres períodos de avaliación, acorde cos criterios da Directiva Aves e da Directiva Hábitat, no que se integra a información sobre presións e ameazas.
 - Especies Exóticas Invasoras. O nome científico das especies exóticas debería incluír o autor. A identificación de *Cortaderia* debería establecerse a nivel específico. No listado exclúense especies forestais que lograron expandirse e invadir parte do sistema dunar como *Pinus pinaster*, procedente de antigas repoboacións de principios do século XX. Non hai información sobre as fontes de entrada de especies invasoras e a súa vinculación con determinados usos e actividades, como a súa proliferación nos xardíns das vivendas que se foron construíndo no parque nin a súa relación coas infraestruturas. As propostas de mitigación e erradicación deberían definir de forma clara os tipos de medios a empregar, excluindo expresamente o uso de biocidas de síntese química ou formulados por produtos que resulten tóxicos para o ecosistema ou a saúde humana, como o glifosato. Os labores de mitigación e erradicación deben estar acompañada por accións de restauración ecolóxica en base a criterios establecidos no PORN.
- h. Paisaxe. Este apartado inclúese na diagnose ambiental despois da flora, a fauna e os hábitats, cando polo factor de escala debера incluírse antes; ademais contrasta coa información existente en distintas obras científicas, estratexias e plans referentes á Paisaxe, moitas deles da propia Consellería de Medio Ambiente que deberían ser tidos en conta.
- A delimitación de unidades paisaxísticas non se adecúa a ningunha das clasificacións publicadas; o termo Litoral emprégase inadecuadamente para referirse ao ámbito costeiro (a paisaxe terrestre litoral prolóngase máis aló do ámbito costeiro).
 - A dicotomía agraria/antropizado é falsa pois todos os medios agrarios están antropizadas, a dicotomía correcta é natural/antropizado.
 - Falta información acerca de impactos negativos sobre a paisaxe polas formacións alóctonas (eucaliptais), a explotación mineira na periferia do Parque, o feísmo construtivo e a artificialización de medios naturais con pistas e pasarelas.
 - Dulcificase a acción humana sobre o medio, considerando "positivas" as accións encamiñadas á destrución e alteración que sufriu o humedal de Corrubedo e especialmente a lagoa de Vixán, creando gabias e canles de alteración, provocando o seu desaugamento primaveral, etc. Pola contra, contribúese a demonizar a acción da fauna silvestre, como os danos causados polo porco bravo mentres se exclúe calquera información sobre os efectos derivados da extracción de area, aínda visibles no Parque, ou os que provoca a canteira e a planta de machucado.
 - Non se formula ningunha medida positiva para manter ou restaurar a paisaxe.



- i. Corredores Ecolóxicos. Logo de afirmarse que non existen dentro do Parque importantes barreiras aos fluxos bióticos reflíctese unha lamentable situación na súa periferia, debido ao desenvolvemento urbanístico, así como ás obras de artificialización (ampliación de estradas). A delimitación dos corredores ecolóxicos non se xustifica adecuadamente, nin se indican os grupos taxonómicos que poderían aproveitalo nin aqueloutros para os que estes corredores non resultan eficaces. Falta unha integración con outras áreas protexidas, especialmente da Rede Natura 2000, así como a caracterización e delimitación daqueles territorios externos que carecendo dunha protección efectiva resultan clave para o funcionamento destes corredores.
- j. Recursos Culturais. O apartado debería marcar a diferenza entre aqueles elementos culturais que posúen un estatus de protección xurídica e os que non o teñen, indicando para os primeiros o seu ámbito de protección. Ademais dos elementos construtivos deberían incluírse os aspectos etno-biolóxicos (Lei 42/2007) e especialmente a tipoloxía de muros e peches tradicionais. A información indicada para os elementos esta chea de erros, como o de asignar unha idade de 4.000-8.000 anos para o Túmulo de Pepín.
- k. Usos e aproveitamentos. Bótanse en falla datos e fontes estatísticas que permitan caracterizalos adecuadamente, así como un apartado sobre poboación, indicando a residente e a estacional.
 - Os usos construtivos non poden incluírse en "Outros usos" pois as actividades construtivas (vivendas, equipamentos, naves industriais e gandeiras, etc.) constitúen un elemento clave en calquera valoración do estado de conservación dun Parque Natural, así como da eficiencia das súas medidas de conservación. A análise dos usos construtivos debería facerse desde unha perspectiva temporal, cubrindo polo menos desde a declaración do Parque Natural e cunha avaliación axeitada das superficies construídas e das presións e ameazas que provoca.
 - Usos pesqueiros e marisqueiros. Omítese toda mención á actividade pesqueira no bordo mariño do Parque, que afecta aos fluxos de especies, especialmente de peixes e aves. Non se aportan datos reais do aproveitamento marisqueiro nas marismas.
 - Usos agropecuarios. Non hai unha clara avaliación das superficies cultivadas, nin da presión agrícola e gandeira sobre o espazo (puríns, biocidas, expansión de especies cultivadas, efectos do pastoreo, etc.).
 - Usos forestais. Non hai unha clara avaliación das superficies cultivadas, nin da presión forestal sobre o espazo.
 - Usos industriais. A información relativa á canteira é sesgada; deberían incluírse os escritos redactados polo Valedor do Pobo polas denuncias presentadas por veciños e colectivos. O PORN non pode, nin debe, contribuír a dar apoio a un elemento completamente disonante nun Parque Natural. Tampouco resulta adecuado o tratamento das áreas industriais existentes en Couso, que verten augas presuntamente contaminadas que inciden sobre o espazo litoral do Parque Natural.
 - Uso Público. Como mostra da falta de interese pola xestión do espazo, non se aportan datos concretos de visitantes (orixe, duración da viaxe, acceso ás instalacións, repercusión socio-económica, ambiental, etc.) desde a declaración do Parque, como se fai noutros Parques españois.
- l. Recursos de Uso Público. O tratamento deste apartado debería adaptarse aos criterios establecidos por Europarc España.
 - Dous dos aparcadoiros xestionados pola Xunta de Galicia establecéronse total ou parcialmente sobre o ecosistema dunar e dentro do DPMT polo que teñen un forte impacto ambiental e incumpren a Lei 22/1988 de Costas; deberían ser clausurados e trasladados a outras ubicacións, fóra do ámbito do Parque Natural, onde non impacten sobre os compoñentes da biodiversidade, o patrimonio natural e cultural.



- A descrición da Casa da Costa redúcese aos aspectos arquitectónicos, sen valorar as actuacións, os recursos expositivos dispoñibles, o material documental e cartográfico ofertado aos visitantes, as carencias dos mesmos, etc. Carece de sentido establecer unha zona de amortecemento en relación á Casa da Costa e incluíla na Zona de Uso Xeral, dada a súa ubicación no centro do Parque. Os responsables do Parque deberían garantir que os usos deste espazo se fagan reducindo ao mínimo os impactos do uso público, e garantindo a conservación dos recursos naturais.
 - Indícase a existencia no Parque Natural dun establecemento de hostalería, cando hai varios. Do existente preto da Casa da Costa deberíase indicar a súa titularidade e contemplar medidas para reducir o seu impacto visual e favorecer a súa integración paisaxística.
 - Resulta rechamante que se propoña "musealizar" a antiga explotación mineira de Pipín (aproveitada de xeito irracional e nunca restaurada) e conservar os elementos que marcaron a destrución e alteración do Parque, en lugar de dedicar os esforzos a protexer e difundir os elementos que determinaron a declaración do Parque Natural.
 - Falta unha análise adecuada dos recursos humanos. A ausencia dun Director-Conservador e dun equipo técnico especializado (biólogos, ambientalistas, xeólogos, etc.), dedicados de forma exclusiva ás actividades de xestión, conservación e uso público. Así como a dotación dun persoal adecuado de axentes ambientais, e de traballadores para os labores de mantemento periódico do Parque.
- m. Análise temporal do Parque Natural. Resulta rechamante a ausencia dunha análise da situación do Parque desde a súa declaración á actualidade, avaliando as presións e ameazas sobre os compoñentes da biodiversidade, a perda de núcleos poboacionais de especies ameazadas (*Omphalodes littoralis*), a introdución e expansión de especies exóticas, a contaminación das augas e solos, así como as implicacións sobre esta dinámica das distintas actuacións de xestión e factores externos ás mesma (cambio climático, cambios de usos e aproveitamentos, provisión de servizos ecosistémicos, etc.). Datos que deberían permitir unha modelización cara a escenarios futuros a medio ou longo prazo.
18. Obxectivos.
- a. Falta integrar os aspectos relativos ao Cambio Climático Global e a Conectividade Ecolóxica.
 - b. O último obxectivo xeral fai referencia a un "marco normativo" que non aparece debidamente descrito e comentado no PORN.
 - c. Entre os obxectivos específicos indícanse "Xerar e reforzar canles para o fomento do coñecemento científico". O cumprimento deste obxectivo debería partir dunha modificación global do borrador do PORN, integrando as citas bibliográficas, recoñecendo o traballo ao longo de moitos anos de científicos e persoal que participa na elaboración de censos e seguimentos de compoñentes ambientais.
19. Zonificación. Inexistente no PRUX.
20. Medidas de xestión. A recompilación legislativa de 9 páxinas podería pasarse a un anexo ou comentarse de forma resumida posto que xa é incompleta, non se indican os cambios das mesmas nin información sobre a súa publicación.
- a. Resulta moi rechamante a ausencia de determinadas normas, como a Estratexia da UE sobre Biodiversidade para 2030, cuxos obxectivos e determinacións afectan claramente ao Parque Natural.
 - b. A referencia "*Anuncio de designación de novas zonas húmidas por parte de España. Convenio relativo a zonas húmidas de importancia internacional, especialmente como hábitat de aves acuáticas (Ramsar, 1971)*" está mal redactada.



- c. Faltan as modificacións posteriores a 2016 do Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas.
- d. As medidas e normativas xerais están plantexadas á marxe dos requirimentos establecidos para distintas figuras de espazos naturais protexidos (Humedal Protexido, Espazo Protexido Rede Natura 2000) nas súas normas reguladoras e declaratorias, e os seus instrumentos de xestión (Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia). A existencia no Parque Natural de distintos réximes de usos e actividades supón un claro incumprimento da normativa estatal (Lei 42/2007) e autonómica (Lei 5/2007), e de non ser reformadas conducirán a unha situación de grave inseguridade xurídica e a unha previsible xudicialización.
- e. Indícase que o procedemento de valoración e autorización de plans e proxectos que non teñen relación coa conservación do parque natural se fará en base ao artigo 84 da Lei 5/2019, omitíndose que este deriva do artigo 46 da Lei 42/2007 e este á súa vez do artigo 6 da Directiva Hábitat.
- f. A normativa do PRUX non ten por que reproducir aquela que xa está establecida noutros ámbitos e instrumentos, senón centrarse nas medidas que se introducen para mellorar e asegurar a conservación, deste xeito a normativa propia do PRUX quedaría substancialmente reducida e a súa consideración e interpretación resultaría máis fácil, lográndose así a integración e coherencia á que obriga a norma estatal (art. 29 Lei 42/2007) e autonómica (Disposición adicional primeira da Lei 5/2019).
- g. O PROXECTO debería asegurar a conectividade co exterior, máis aínda cando o Parque Natural de Corrubedo forma parte da ZEC Complexo Húmido de Corrubedo que aparece fragmentada en dúas unidades. O lóxico e esperable nun instrumento de xestión do século XXI é reducir esta fragmentación, plantexando o incremento da superficie da ZEC ou do Parque Natural, incluíndo o Cabo Corrubedo, un espazo con abundante presenza de hábitats e especies protexidas que carece na actualidade dunha protección ambiental estrita.
- h. Un dos aspectos máis criticables do PROXECTO é o tratamento que se realiza en relación co urbanismo.
 - O documento debería asumir como principio que o ámbito xeográfico dun Parque Natural non é un espazo para incrementar a superficie urbanizada. Malia que desde a súa declaración no ámbito do Parque Natural se construíron un número importante de novas edificacións - que conduciron unha progresiva perda de biodiversidade e a unha fragmentación do propio espazo - o PROXECTO non inclúe ningunha avaliación sobre os cambios que produciron dita actividades construtivas.
 - O PROXECTO considera que calquera instrumento de planificación urbanística que afecte ao territorio do Parque deberá avaliarse de acordo co artigo 84 da Lei 5/2019 - como xa establecen a Directiva 92/43/CEE (artigo 6) e a normativa estatal (Lei 42/2007) - condición que non cumpre o vixente PXOM de Ribeira. Na "zona de uso limitado" e na "zona de uso compatible" non poderán levantarse novas construcións ou ampliarse o volume das mesmas, como prohibe explicitamente a norma zonal do PORN, unha prohibición á que debería engadirse o "axardinamento", así como a instalación de piscinas, invernadoiros e outras construcións anexas a ditas edificacións. Polo contrario, para a "zona de uso xeral" o PROXECTO considera que nas zonas coa cualificación de núcleo rural, as actuacións urbanísticas e de servizos estarán sometidas ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación. Esta redacción é totalmente inadecuada e incongruente co marco normativo actual pois suporía que o PORN e o PRUX quedasen subordinados ás ordenanzas municipais e á normativa urbanística de aplicación, cando debería ser ao revés, e porque ademais pretende excluír da obriga de someter os Proxectos amparados nun PXOM ao procedemento



derivado do artigo 6 da DC 92/43/CEE, cando é imperativa unha adecuada e independente avaliación dos mesmos (documento técnico da Xestión de espazos Natura 2000: Disposicións do artigo 6 da Directiva 92/43/CEE, sobre os hábitats, elaborado pola Comisión Europea; distintas sentenzas do Tribunal da Unión Europea).

21. Programa de actuacións a desenvolver

a. Programa 1.

- En contra do establecido na Lexislación estatal e autonómica, o PORN non realiza o inventario e definición do estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade, dos ecosistemas e as paisaxes no ámbito territorial de que se trate, formulando unha diagnose do mesmo e unha previsión da súa evolución futura, nin determina os obxectivos e criterios para a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais, e en particular dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade no ámbito territorial de aplicación do Plan.
- Malia as deficiencias do PROXECTO, a información sobre os compoñentes da biodiversidade e o seu estado de conservación poden obterse, polo menos de forma xeral, a través ao acceso do banco de datos da Axencia Europea de Medio Ambiente. Por outra banda, en relación cos criterios para levar a cabo unha restauración ecolóxica existe unha ampla bibliografía científica, así como unhas recentes directrices incluídas na Estratexia Estatal de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (2020). Lamentablemente, o apartado de "Programas e de Actuacións a Desenvolver" elabórase á marxe das necesidades para asegurar o mantemento ou recuperación dun estado de conservación favorable para os hábitats e para as especies de flora e fauna protexida, ao tempo que contempla propostas de actuación que incumpren os criterios básicos dunha restauración ecolóxica.
- Elaboración de protocolos internos. A normativa estatal e autonómica fixa os instrumentos para xestionar os hábitats e as especies protexidas que en ningún caso poden ser "protocolos internos", senón que teñen que adaptarse ás figuras existentes na lei estatal ou autonómica, e na súa elaboración debe existir un procedemento de participación pública.
- Bótase en falla unha partida para a compra de terras dentro do Parque Natural.
- Na Directiva Hábitat e no PROXECTO non aparece ningunha referencia a "hábitats agrarias e gandeiros". Fomentar hábitats agrícolas, como os cultivos intensivos de millo ou as pradarías intensivas pancifloras dominadas por cultivares selectos de orixe recente non pode ser un obxectivo dun Parque Natural, máxime nun espazo das dimensións do P.N. de Corrubedo, no que a superficie agraria é mínima e tendente ao abandono. O Plan debería contemplar unha análise dos efectos pretéritos, actuais e futuros do uso agrario e gandeiro sobre a biodiversidade do Parque Natural. De realizarse de forma obxectiva obteríase que o uso agrario e gandeiro ha ter un peso decisivo na perda de naturalidade e de biodiversidade do espazo.
- As medidas de control das especies exóticas e sobre todo das invasoras abórdanse de forma moi deficiente: non se indican os métodos de control, a forma de levar a cabo a actuación, como se van restaurar as zonas afectadas e nin sequera o medio natural que se pretende recuperar. Así, debería salientarse que a eliminación de piñeiros en medios dunares debe facerse sempre de forma manual, sen uso de maquinaria, e que o control de *Spartina patens*, vistas as experiencias noutros países, resulta complexo e debe incluír a restauración ecolóxica das áreas afectadas.
- Resulta totalmente inadecuado considerar os carrizais (comunidades de *Phragmites australis*) como unha formación lesiva, case daniña para o Parque Natural, cando é un elemento característico dos humedais litorais, tanto nos medios higrófilos que rodean as lagoas, como as marismas, e ata os tramos estuarinos, como acontece noutros humedais de todo o litoral Atlántico. A actividade



agrícola, especialmente na zona de Vixán, aniquilou a vexetación higrófila establecendo cultivos de millo e pradarias artificiais. O mantemento destes cultivos conduciu ademais á creación de gabias e drenaxes, así como ao aporte de excesivas cantidades de fertilizantes e puríns que tiveron un efecto negativo no estado ecolóxico do humedal, tal e como recolle o propio borrador do Decreto, pola proliferación de blooms algais. O abandono de algunhas destas áreas de cultivo propiciou a recuperación da vexetación higrófila, entre a que se atopan formacións densas de carrizo que deberían ser conservadas e mantidas, xa que constitúen un elemento fundamental de distintos hábitats entre eles a lagoa costeira, un hábitat prioritario. O PROXECTO non ten en conta ademais a presenza nalgúns destes carrizais de individuos de *Cladium mariscus*, os que lles confire á súa vez tamén a consideración propia de hábitats prioritario. As accións en relación coa Lagoa de Vixán deberían plantexarse vía eliminación das presións que a afectan, eliminando o uso agrícola e gandeiro actual nas zonas de inundación e higrófilas, valorando o peche das canles e gabias que no seu día se construíron para desecar e destruír a lagoa e propiciando a recuperación dos hábitats. Neste proceso de recuperación poderían contemplarse medias para fomentar ou mellorar as características de certos hábitats ou biocenosis, pero iso debería derivar dun plan ou proxecto de restauración ambiental específico.

- Para non caer na dialéctica dos plans do franquismo contra as "alimañas", sería máis que desexable que non se falase de "danos", senón de "presións" do porco bravo ou xabarín sobre os hábitats.

b. Programa 2.

- A diferenza doutros PORN e PRUX as liñas de investigación plantéxanse á marxe de calquera colaboración cos centros de investigación, as universidades de Galicia e os grupos ambientais.
- Non ten sentido precisar a detalle as especies a estudar no caso da flora, mentres que no resto dos grupos taxonómicos non se realiza, máxime cando algunhas cuestións que se establecen para a flora son resolubles cunha análise da información publicada nos últimos anos. Para algúns taxóns especificados o ámbito de distribución é moi amplo, superando os límites do Parque Natural ou da Península do Barbanza, mentres que outras especies protexidas, con ámbitos de distribución máis reducidos e que son elementos moi singulares no Parque Natural non aparecen apuntadas.
- Resulta rechamante que no "programa de investigación" non se contemplan os compoñentes da xeodiversidade, nin os relativos ao medio mariño e aos ecosistemas dunares, nomeadamente a duna móbil.
- As liñas previstas contrastan coa ridícula cantidade de fondos que se destina á mesmas.

c. Programa 3.

- Os obxectivos e as propostas son excesivamente xenéricas e deberían desenvolverse de forma máis detalladas.
- No apartado de uso público debería contemplar como prioridade a avaliación periódica e sistematizada do número de visitantes no Parque Natural - tanto no período estival como no resto do ano - e elaborar un estudo de capacidade de carga.

d. Programa 4.

- Non se contemplan os recursos humanos dispoñibles para a xestión ordinaria do Parque Natural.
- Os obxectivos e as propostas son excesivamente xenéricas e deberían desenvolverse de forma máis detalladas.

22. Conectividade Ecolóxica. O PROXECTO de Decreto non contempla medidas para a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade. O borrador do PRUX reconece a existencia dunha baixa conectividade ecolóxica na periferia do Parque Natural, que determina un grave risco de illamento do



mesmo co resto dos ecosistemas da Península do Barbanza. Con todo, non se aborda de forma coherente e completa unha análise de conectividade, nin se plantexan medidas adecuadas para mellorar ou restaurar a conectividade ecolóxica, as cales deberían redactarse en conformidade coa Comunicación da Comisión de 2013 relativa a "Infraestrutura verde: mellora do capital natural de Europa" [COM (2013) 249 final, Bruxelas, 6.5.2013], así como coa Estratexia estatal de Infraestrutura Verde e da Conectividade e Restauración Ecolóxicas (2020).

23. Programa financeiro.

- a. Malia que un dos contidos mínimos dun PRUX segundo a Lei 5/2019 é unha "memoria económica acerca dos custos e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación", o PROXECTO non a inclúe e o capítulo "Programa Financeiro" redúcese a unha táboa, sen ningún comentario, análise de custos nin información sobre os instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.
- b. O financiamento previsto é de 100.000 €/ano, sen variacións ao longo dos 10 anos de duración do PRUX. O programa de investigación non alcanza os 25.000 €/ano e para mantemento das instalacións non se consignan fondos en 3 anos. Estas cantidades - semellantes ás contempladas para o P.N. de Monte Aloia que carece dos valores e as características de Corrubedo - están afastadas do orzamento anual fixado habitualmente noutros PRUX doutros Parques Naturais españois e resultan insuficientes para dar cumprimento aos obxectivos e fins que debe ter un Parque Natural.

24. Sistema de seguimento.

- a. Non se inclúe no programa financeiro, polo que non ten previsto un orzamento e cabe supoñer que non se leve a cabo. O lóxico sería integrar o Sistema de Seguimento cos datos obtidos nos distintos programas e non contemplar Programas/Seguimento como entidades independentes.
- b. A redacción resulta moi deficiente; fálase de "seguimento diario" e de "seguimento específico" pero despois non se desenvolven.
- c. Algúns termos son confusos, o estado de conservación dun hábitat inclúe a avaliación dos cambios das súas superficies pero no documento plantéxanse de forma illada: "avaliación cada tres anos da extensión e o estado de conservación".
- d. A selección dalgúns tipos de especies para o seu seguimento realízase sen ningún tipo de xustificación.

25. Organización. O modelo de organización segue sendo burocrático, centralizado e pouco participativo. A xunta reitora é un órgano pouco eficiente, dominado por representantes que pouco ou nada teñen que ver coa conservación e protección do medio ambiente e a biodiversidade. Cunha xunta reitora non operativa, sen un director/a, sen técnicos destinados ao Parque Natural, a xestión ordinaria e non ordinaria do Parque dificilmente pode cumprir os obxectivos que se contemplan nas normas que o regulan e nos seus propios instrumentos e xestión.

26. Vixencia e revisión do PRUX. O apartado II resulta anómalo pois no ámbito do Parque Natural non poden xurdir actividades non contempladas nas súas normativas declarativas e seus instrumentos de xestión, máis aínda cando se tratan de actividades contrarias aos obxectos de declaración. O apartado IV resulta igualmente anómalo: a que medidas derivadas da Directiva Aves e Hábitats se refire? Por que non se están aplicando? Sería aconsellable unha redacción similar á doutros PRUX, como os PRUX de Parques Nacionais aprobados nos últimos anos, ou os PRUX aprobados en Andalucía, Cataluña ou Canarias.



CONSIDERANDO

1. Que o PROXECTO de Decreto sometido a participación pública inclúe un PORN e un PRUX moi deficientes, pois non inclúen os contidos mínimos esixidos pola lexislación estatal e autonómica. Estes feitos invalidan completamente o documento e obrigan a unha nova redacción do mesmo, incluíndo un novo procedemento de participación pública.
2. Que no caso da "zona de uso xeral", as medidas de xestión contempladas para o urbanismo no Parque Natural non se axustan á normativa europea (DC 92/43/CEE), estatal (Lei 42/2007) e galega (Lei 5/2019), circunstancia que facilmente podería provocar a anulación do documento en sé xudicial.
3. Que non existe un único instrumento de xestión integrado e coherente co resto dos instrumentos de xestión e coa propia normativa europea, estatal e autonómica arriba mencionada.
4. Que os Plans e Proxectos precisarían ser adecuadamente revisados; os mesmos deberían ser valorados ou redactados por persoal cualificado na xestión de hábitats e especies, así como en actuacións de restauración ecolóxica. A formulación dos plans e proxectos que afecten ás especies debe adecuarse á normativa e seguir os estándares da restauración ecolóxica.
5. Que as medidas propostas para o porco bravo ou xabarín (*Sus scrofa*) e o carrizo (*Phragmites australis*) deberían ser completamente redeseñadas con datos obxectivos e por persoal cualificado. A súa actual redacción é moi deficiente, e contraria aos criterios que rexen a conservación da biodiversidade nun espazo natural.
6. Que a prelación de especies de flora contempladas no Programa 2 carece de xustificación. Tampouco ten sentido indicar as especies de flora e non as de fauna e non incluír especificamente a xea, os ecosistemas dunares e mariños.
7. Que a xestión da biodiversidade nun área protexida non pode levarse a cabo a través de "protocolos internos" ou "instrucións administrativas". Estas formulacións non teñen cabida legal pois os instrumentos de xestión están debidamente establecidos na normativa estatal e galega.
8. Que no PROXECTO de Decreto non se inclúe un programa económico, soamente unha táboa. A falta dun programa financeiro foi determinante para anular en vía xudicial distintos instrumentos de xestión. O documento financeiro debe revisarse, non é asumible un orzamento anual de 100.000 € para un espazo da importancia e complexidade ambiental como o P.N. de Corrubedo.

SOLICITA:

1. Que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural retire o PROXECTO de Decreto e inicie a redacción dun novo documento. A secuencia lóxica e racional sería modificar o PORN, cumprindo todos os contidos e obxectivos que marca a normativa estatal e autonómica, e a continuación redactar un PRUX.
2. Que na redacción dos novos documentos se conte co apoio ou revisión de persoal experto e logo se discutan no Observatorio Galego da Biodiversidade, a fin de:
 - a. Reducir as graves deficiencias que, en relación á diagnose e valoración dos compoñentes da biodiversidade, biodiversidade, patrimonio natural, patrimonio cultural e medio socio-económico presenta o actual documento.
 - b. Mellorar as medidas de xestión, os plans e programas.

En Santiago de Compostela, a 15 de abril de 2021.

Serafín González Prieto

Presidente da SGHN